

# PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE

## ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA GREGO II

Curso 2016-2017

Tendo en conta a situación excepcional na que se vén desenvolvendo todo o proceso no presente curso, o grupo de traballo acordou propoñer para o curso 2016-2017 un modelo de proba para a materia **Grego II** que sexa o máis similar posible ao modelo de proba utilizado nas PAU dos últimos cursos.

En consecuencia, a proba contará coas mesmas partes das probas anteriores, aínda que agora a tradución terá unha puntuación de **SEIS (6)** puntos.

Para compensar esta modificación, serán **CATRO** as preguntas que terán que responder os alumnos: **TRES** no apartado **a)** (morfoloxía, sintaxe, helenismos, literatura...) e **UNHA** no apartado **b)** (lecturas obrigatorias).

Estas serán, pois, a estrutura da proba e a puntuación asignada a cada parte (adxunto vai o exame de xuño pasado coas novidades sinaladas en vermello):

### **I: TRADUCIÓN** (puntuación máxima **SEIS (6)** puntos):

Tradución dun fragmento dun texto de Xenofonte ou de Platón.

Haberá que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto. Consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente (non copiar o texto, nin analízalo, nin nada semellante). Poderase utilizar un dicionario de grego, **incluído o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario**.

### **II: PREGUNTAS** (puntuación máxima **CATRO (4)** puntos. **UN (1)** punto por pregunta):

#### **a)** Contestar a **TRES** destas catro preguntas:

1. Análise morfolóxica dunhas palabras do texto proposto para a tradución.
2. Análise sintáctica dun fragmento do texto proposto para a tradución
3. Helenismos españois ou galegos. (Aquí o ideal serían derivados de palabras que aparezan no texto proposto para traducir, pero ás veces é difícil atopar palabras adecuadas á idade e coñecementos dos alumnos, polo que se poderá preguntar sobre outras palabras aínda que non aparezan no texto).
4. Algunha cuestión moi xeral sobre o autor ou o texto que se traduce: xénero, época, contido... etc.

#### **b)** Contestar obrigatoriamente a **UNHA** de dúas preguntas relacionadas coas lecturas obrigatorias.

Santiago, 1 de febreiro de 2017



María José García Blanco  
Directora do Grupo de Traballo

## OPCIÓN 1: XENOFONTE

XUÑO 2016

### I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: **SEIS** puntos)

CABRIAS PREPARA UNHA EMBOSCADA

Μετὰ δὲ ταῦτα Χαβρίας ἐξέπλει εἰς Κύπρον βοηθῶν Εὐαγόρα, πελταστάς τ' ἔχων ὀκτακοσίους καὶ δέκα τριήρεις, προσλαβὼν δὲ καὶ Ἀθήνηθεν ἄλλας τε ναῦς καὶ ὀπλίτας.

NOTAS: 1. Χαβρίας, -ου, Cabrias (xeneral ateniense). 2. βοηθῶν 'para axudar'. 3. Κύπρος, -ου, Chipre. 4. Εὐαγόρας, -ου, Evágoras (xeneral ateniense). 5. Ἀθήνηθεν 'dende Atenas'.

### II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: **CATRO** puntos)

#### a) Contestar a **TRES** destas catro PREGUNTAS:

1. Análise sintáctica de Μετὰ δὲ ταῦτα Χαβρίας ἐξέπλει εἰς Κύπρον βοηθῶν Εὐαγόρα.
2. Análise morfolóxica de ἐξέπλει e προσλαβὼν.
3. De qué feito histórico falan as *Helénicas*?
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con δέκα 'dez', con ἄλλος 'outro' e con δέρμα, δέρματος 'pel'.

#### b) Contestar obrigatoriamente a **UNHA** destas dúas PREGUNTAS:

1. Temas fundamentais da poesía de Safo.
2. Como e por que accede Edipo ó trono de Tebas.

## OPCIÓN 2: PLATÓN

### I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: **SEIS** puntos)

EXPECTACIÓN DIANTE DAS PALABRAS DE DIONISODORO

Ὁ οὖν πρεσβύτερος αὐτῶν, ὁ Διονυσόδωρος, πρότερος ἤρχετο τοῦ λόγου, καὶ ἡμεῖς πάντες ἐβλέπομεν πρὸς αὐτὸν ὡς αὐτίκα ἀκουσόμενοι θαυμασίους τινὰς λόγους.

NOTAS: 1. Διονυσόδωρος, -ου, Dionisodoro (filósofo contemporáneo de Sócrates). 2. ἤρχετο, de ἄρχομαι (rixer xenitivo). 3. ὡς + participio indica finalidade ou intención.

### II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: **CATRO** puntos)

#### a) Contestar a **TRES** destas catro PREGUNTAS:

1. Análise morfolóxica de ἤρχετο e ἀκουσόμενοι.
2. Análise sintáctica de ἡμεῖς πάντες ἐβλέπομεν πρὸς αὐτόν.
3. Causas da prisión e do xuízo de Sócrates.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con λόγος 'palabra', con πᾶς, πᾶσα, πᾶν 'todo' e con κεφαλή, -ῆς 'cabeza'.

#### b) Contestar obrigatoriamente a **UNHA** destas dúas PREGUNTAS:

1. Temas fundamentais da poesía de Safo.
2. Como e por que accede Edipo ó trono de Tebas.